

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS

BASES PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA OS PROXECTOS DE ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS 2007

1.- OBXECTO E FINALIDADE.

Mediante as presentes bases defínense os criterios aos que se axustará o outorgamento de axudas económicas ás asociacións veciñais co obxectivo de potenciar a actividade do movemento asociativo veciñal compostelano, contribuíndo a sufragar os proxectos de actividades programadas polas entidades asociativas no ano 2007.

En ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal cuantía que, en concurrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán optar ás axudas as asociacións veciñais e federacións de asociacións do Concello de Santiago que cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, que se encontren debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e que previamente tiveran apresentada a documentación relativa aos proxectos e orzamentos a que se refire o artigo 17 do Regulamento de participación cidadá.


Non poden ser beneficiarios de subvencións públicas as entidades nas que conorra algunha das circunstancias sinaladas polo artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

As prohibicións apreciaránse de xeito automático e co alcance que determina o artigo 13.4 e 13.5 da LXS.

3.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- 1.- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións
- 2.- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores
- 4.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse así que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos
- 5.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 6.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto podan ser obxecto de control e comprobación
- 7.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS
- 8.- Dar a adecuada publicidade o carácter público da financiación polo Concello ou Organismo Autónomo dos programas, actividades, inversións ou actuacións subvencionadas



CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS

4.- CUANTÍA E CRITERIOS DE CONCESIÓN

A Concellaría de Relacións Veciñais destinará a estes fins a cantidade total máxima de 100.000 €uros, con cargo á partida orzamentaria 4632,48901, outorgándose unha cantidade non superior a 3.400 € a cada asociación veciñal que poderá variar unha vez ponderados os seguintes criterios obxectivos e sempre e cando o montante global das axudas non supere a cantidade total de 100.000 €uros:

- necesidades de equipamento e funcionamento das asociacións veciñais: 0 a 10 puntos
- número de actividades e número de beneficiarios das mesmas: 0 a 10 puntos
- realización de publicacións periódicas: 0 a 10 puntos
- capacidade financeira das entidades: 0 a 10 puntos

5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN: composición e funcionamento

Aos efectos de determinar os proxectos susceptíbeis de obter as subvencións contidas na presente convocatoria e formular a correspondente proposta de resolución de asignación de cantidades, formarase unha Comisión de Valoración constituída polos seguintes membros:

-O/a concelleiro/a do departamento municipal de Relacións Veciñais, e dous concelleiros máis do grupo de goberno.

-Un/unha funcionario/a do departamento de Relacións Veciñais que fará as veces de secretario/a da comisión e asesor/a da mesma.

-Tres representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais.

O/a funcionario/a e os tres representantes veciñais, serán nomeados por decreto do concelleiro delegado.

O funcionamento de dita comisión realizarase consonte ao establecido para o réxime de funcionamento dos órganos colexiados, na Lei 30/92 do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.- FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES

As entidades interesadas formularán a solicitude segundo impreso normalizado que deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de un mes desde o día seguinte da publicación da convocatoria no B.O.P., acompañada da seguinte documentación:

1.- Os documentos acreditativos da personalidade: fotocopia compulsada do CIF e dos estatutos polos que se rexa agás que os tiveran presentado na anterior convocatoria, e nomeamento de representante para as súas relacións co Concello.


2.- Datos bancarios relativos á entidade, número de conta e titular, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia, no impreso selado pola entidade financeira.

3.- Declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas sinalados pola LXS

4.- Certificados da Administración competente de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou, a declaración prevista no art. 24 do Regulamento da Lei de Subvencións para as axudas que o seu importe sexa inferior a 3.000 €

5.- Memoria que fará mención ao historial da entidade, ás persoas beneficiarias directa e indirectamente pola axuda, ás actividades ou investimentos a realizar, o custo das mesmas e ao seu calendario.

6.- A efectos de subsanación de defectos nas solicitudes e documentación, estarase ao disposto nos



CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS

artigos correspondentes da Lei 30/92 de RJAP-PAC.

7.- OUTORGAMENTO DE AXUDAS E FORMALIZACIÓN A TRAVÉS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN

A proposta da Comisión de Valoración, a Xunta de Goberno resolverá sobre o outorgamento das axudas.

Esta resolución motivarase de conformidade cos criterios establecidos nas presentes bases, e notificarase aos interesados.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito a favor do beneficiario da mesma e correlativo compromiso de gasto para o Concello só será esixíbel cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Consideraranse gastos subvencionábeis os que se axusten aos contidos do artigo 31 da Lei 38/2003.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos nas presentes bases e no acordo de outorgamento da subvención, acreditarase a través da declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo co desglose de cada un dos gastos incorridos. A súa presentación realizarase no Rexistro Xeral do Concello, como máximo antes do 30 de Novembro de 2007.

Os gastos acreditaranse mediante facturas orixinais ou copias compulsadas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

O beneficiario da subvención achegará aos xustificantes a declaración de ter cumprido o obxecto da subvención e a relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutros axentes para idéntica finalidade.

A ausencia da xustificación á que se refere o presente artigo, suporá a perda do importe da subvención.


Vencidos os prazos e prórrogas sinaladas sen que o beneficiario da subvención xustificara o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, perderá o dereito a ela e a Xunta de Goberno Local, por proposta da unidade administrativa, anulará o correspondente compromiso. Dita resolución comunicarase ao interesado e á Intervención para o seu axeitado reflexo contábel.

9.- RECOÑECIMENTO DA OBRIGA E PAGAMENTO

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas, e con proposta concreta do órgano xestor, remitirase o expediente a Intervención para que emita o preceptivo informe de fiscalización. Se este é favorábel, a Xunta de Goberno Local resolverá a aprobación do recoñecemento da obriga a favor do beneficiario.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

O pagamento das subvencións materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación que se achega.



CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS

10.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES

En caso de incumplimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagábel, ou ausencia de xustificación destas nos termos previstos nas bases da convocatoria a que se refire a subvención, o Concello ou o Organismo Autónomo esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguinte procedemento:

Iniciación de oficio do mesmo mediante resolución do Alcalde-Presidente, logo do informe da unidade administrativa correspondente, na que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

A notificación ás entidades ou particulares interesados da dita resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, co fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a corrixir as deficiencias observadas, co apercibimento de que en caso de acordarse o reintegro da subvención, esixirase o interese de demora desde o momento do seu pagamento, de acordo co previsto no artigo 38 da LXS.

O Alcalde-Presidente, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que ningún interesado formulara ningunha, dictará unha resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e demais actuacións que procedan, aplicando o réxime establecido polo Regulamento xeral de recadación.

O disposto nesta base enténdese sen prexuízo do réxime sancionador a que se refire a base seguinte.

11.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións outorgadas, virán obrigados a:


- 1.- Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención nos prazos sinalados nas bases desta convocatoria.
- 2.- Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención.
- 3.- Facilitar canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, de ser o caso.

Os beneficiarios de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da LXS

12.- USOS LINGÜÍSTICOS E PUBLICIDADE

As actividades que opten a esta convocatoria de axudas realizaranse en lingua galega, tanto no que toca ao seu desenvolvemento como á comunicación oral e escrita que xeren.

Así mesmo, tanto nas publicacións periódicas como nos anuncios dos programas de actividades, deberá figurar o patrocinio do Departamento de Relacións Veciñais do Concello de Santiago de Compostela.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS


Disposicións adicionais

1.- Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas polo Rexistro Xeral ou Secretario do Concello de Santiago ou persoal que por delegación teña atribuída esta potestade.

2.- No non previsto nestas bases, será de aplicación o disposto na Lei de subvencións e o seu regulamento.

Santiago, 21 de febreiro de 2007

Asdo. Manuel Portas Fernández
Concelleiro delegado de Relacións Veciñais



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS

Anexo 1

CONVOCATORIA de subvencións para os proxectos de actividades, publicacións periódicas e gastos de funcionamento dirixidos ás AA.VV de Compostela para o ano 2007

1. SOLICITANTE

Datos da entidade

Denominación: A.V.	CIF: G-15
Enderezo:	CP: 15
Correo electrónico: ---	Tfno.
Nº Rexistro municipal:	

Enderezo para efectos de notificación


Enderezo:	Tfno.
Concello: Santiago de Compostela	CP: 15

Datos do representante

Nome e apelidos:	Tfno.
Cargo na Directiva:	

2. PROGRAMAS AOS QUE SE ACOLLE (marcar cun X)

2.1 Actividades	
2.2 Publicacións periódicas	
2.3 Gastos de funcionamento	



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS


3. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

<i>Nome da actividade</i>	<i>Datas previstas</i>	Nº de beneficiarios ou participantes	<i>Custo da actividade</i>
1.-			
2.-			
3.-			
4.-			
5.-			
6.-			
7.-			
8.-			
9.-			

4. PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Nome do boletín ou revista:	
Nº de exemplares:	Periodicidade:
Orzamento total destinado ás publicacións:	

Nota: tanto nas publicacións periódicas como nos anuncios dos programas de actividades subsidiadas, deberá figurar o patrocinio do Departamento de Relacións Veciñais do Concello de Santiago de Compostela.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCELLARIA DE
RELACIÓNS VECIÑAIS

Anexo 2

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE, NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE E NÚMERO DE SOCIOS

D/Dª:	DNI.
Secretario/a da A.V.	

CERTIFICA: que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día _____, adoptouse o acordo de presentar a solicitude de **CONVOCATORIA de subvencións para os proxectos de actividades, publicacións periódicas e gastos de funcionamento dirixidos ás AA.VV de Compostela para o ano 2007.**

Para tal fin, acordouse nomear a D./Dª, representante para as relacións desta entidade co Concello.

Así mesmo, o nº de socios activos desta entidade ascende á cantidade de:

O/A Secretario/a

Visto e prace:
O/A Presidente/a,

D/Dª _____, co DNI:

Como representante da A.V.

DECLARA:

1.- Que a entidade á que representa está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social*.

2.- Que non está incurso en causa de incompatibilidade para contratar coa Administración e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.

Santiago, de _____ de 2007

Sinatura,

*Se a axuda fose superior aos 3.000 €, deberán presentarse os certificados orixinais de Facenda e da Seguridade Social, no momento da xustificación.